

# ACTA

<b>Expediente núm.:</b>	<b>Órgano colexiado:</b>
PLN/2020/17	O Pleno

## DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN

<b>Tipo Convocatoria</b>	Ordinaria
<b>Data</b>	1 de outubro de 2020
<b>Duración</b>	Desde as 20:40 ata as 21:33 horas
<b>Lugar</b>	Salón de Plenos do Concello de A Estrada
<b>Presidida por</b>	JOSÉ CARLOS LÓPEZ CAMPOS
<b>Secretaria</b>	MARÍA JESUSA FERNÁNDEZ BASCUAS

## ASISTENCIA Á SESIÓN

DNI	Nome e Apelidos	Asiste
██████████	ALFONSO FIGUEIRAS REY	SÍ
██████████	AMALIA GOLDAR CORA	SÍ
██████████	AMALIA LAGO DURAN	SÍ
██████████	ALBERTO MANUEL BLANCO CARRACEDO	SÍ
██████████	BELÉN LOUZAO VIEITES	SÍ
██████████	CARMEN GÓMEZ OTERO (Interventora)	NON
██████████	GONZALO LOUZAO DONO	SÍ
██████████	IVAN MANUEL SANMARTIN EIRIN	SÍ
██████████	JOSE CARLOS LOPEZ CAMPOS	SÍ
██████████	JOSÉ ISMAEL PENA VILLAMOR	SÍ
██████████	JUAN CARLOS GONZALEZ BARCIA	SÍ
██████████	JUAN MANUEL CONSTENLA CARBON	SÍ
██████████	LUCIA SEOANE ROSENDE	SÍ
██████████	LUIS LOPEZ BUENO	SÍ

**Concello da Estrada**

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233





	LUIS RENDO ARAUJO	SÍ
	MARIA DEL MAR BLANCO CASAIS	SÍ
	MARÍA ÁNGELES PAIS CARBIA	SÍ
	MIGUEL OSCAR RANCAÑO BRAÑANOVA	SÍ
	Mª DEL CARMEN DURÁN LEA	SÍ
	OSCAR ALEJANDRO DURAN BARROS	SÍ
	PATRICIA CARRACEDO DURAN	SÍ
	SUSANA CAMBA CASTRO	SÍ

Unha vez verificada pola secretaria a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

#### A) PARTE RESOLUTIVA

#### APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O 3 DE SETEMBRO DE 2020

**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

Dada conta do borrador da acta correspondente á sesión ordinaria celebrada o día 3 de setembro de 2020, esta é aprobada por unanimidade, ordenándose polo Sr. Presidente a súa transcripción ao Libro de Actas segundo o disposto no artigo 110.2 do ROF.

#### FÓRA DA ORDE DO DÍA

Antes de pasar á parte de “Actividade de Control”, o **Sr. Alcalde** informa que hai un asunto para tratar fóra da orde do día e que é a determinación dos festivos locais para o ano 2021, sendo estes o 24 e 25 de xuño, coincidentes coas festas patronais do noso municipio.

Xustifica a urxencia deste asunto na necesidade de adoptar un acordo e remitilo á Xunta de Galicia antes do 30 deste mes de outubro

Sometida a urxencia a votación, é aprobada por unanimidade, polo que procédese a tratar o asunto e a adoptar o acordo correspondente:

**Expediente 3633/2020.- DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE**

**Concello da Estrada**

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233



Cod. Validación: 333D2N6G3DEHFJRF-47G67FYC | Corrección: <https://aestrada.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 11



## ORGANIZACIÓN, PERSOAL E ASUNTOS XERAIS DE DETERMINACIÓN DE FESTIVOS LOCAIS PARA O ANO 2021

**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

Antes de proceder á votación da proposta obxecto deste punto, pide a palabra o voceiro do grupo político municipal Socialista, **D. Luis López Bueno**, para trasladar o voto a favor do seu grupo político por considerar que xa foi suficientemente debatido na Comisión Informativa.

Non habendo máis intervencións, procédese a votar este asunto, adoptándose, por unanimidade, o seguinte **ACORDO**:

Vista a proposta da Alcaldía-Presidencia de data 29/09/2020, en relación co asunto que se trata de seguido.

Visto a necesidade urxente de remitir ao Servizo de Emprego e Economía Social (Xefatura Territorial da Consellería de Emprego e Igualdade de Pontevedra) do acordo de determinación dos Festivos Locais para o ano 2021 deste Concello antes do 30 do presente mes de outubro.

Visto o pronunciamento feito pola Mesa Local de Comercio na súa sesión do 28/09/2020.

Visto o pronunciamento feito polo Consello Económico Social en data 28/09/2020.

Visto o Ditame favorable da Comisión Informativa de Organización, Persoal e Asuntos Xerais, acadado en sesión do 30/09/2020.

Visto o sinalado no artigo 2 do Decreto 81/2019, de 27 de xuño, publicado no DOG nº 132 de 12/07/2019, e demais lexislación aplicable.

E, ao abeiro do debatido nesta sesión.

### **ACORDAMOS:**

**Primeiro.-** Determinar como festivos locais do Concello da Estrada para o ano 2021, os días 24 e 25 de xuño de 2021 (festas patronais de San Paio).

**Segundo.-** Dar traslado do presente acordo ao Servizo de Emprego e Economía Social da Xefatura Territorial da Consellería de Emprego e Igualdade de Pontevedra, con enderezo na rúa Concepción Arenal nº 8, andar 2º - 36201 Vigo.

## **B) ACTIVIDADE DE CONTROL**

### **DACIÓN DE CONTA DOS DECRETOS DA ALCALDÍA DITADOS NO PERÍODO COMPRENDIDO ENTRE O 17 E O 31 DE AGOSTO DE 2020 (AMBOS OS DOUS INCLUÍDOS)**

Dáse conta dos Decretos da Alcaldía ditados no período comprendido entre os días 17 e 31 de agosto de 2020 (ambos os dous incluídos), que van dende o número 2020-0892 ao número 2020-0953 (incluídos os dous).

A Corporación en Pleno queda sabedora.

**Concello da Estrada**

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233



Cod. Validación: 333DZ16G3DEHFFJRF47G67FYC | Corrección: <https://aestrada.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 11



## DACIÓ DE CONTA DOS DECRETOS DA ALCALDÍA DITADOS NO PERÍODO COMPRENDIDO ENTRE O 1 E O 15 DE SETEMBRO DE 2020 (AMBOS OS DOUS INCLUÍDOS)

Dáse conta dos Decretos da Alcadía ditados no período comprendido entre os días 1 e 15 de setembro de 2020 (ambos os dous incluídos), que van dende o número 2020-0954 ao número 2020-1014 (incluídos os dous).

A Corporación en Pleno queda sabedora.

### C) ROGOS E PREGUNTAS

Toma a palabra o voceiro do grupo do Partido Socialista, **D. Luis López Bueno**, para trasladar diversos rogos, así, en primeiro lugar, di que procedeuse a facer bacheos en varias pistas do lugar de Barco, parroquia de Couso, querendo trasladar as queixas de veciños deste lugar porque algúns camiños quedaron sen reparar, polo que prega que se proceda ao arranxo desas pistas esquecidas. No mesmo lugar, traslada a queixa veciñal derivada de que durante o verán non se fixo a actuación, reclamada en Pleno, para desatoar o desaugadoiro que ven da estrada nacional e baixa pola pista que vai ao nomeado lugar, rogando que se faga o traballo o antes posible ante a chegada da época de choivas.

Pide que se coloque unha sinal de “vehículos pesados” no camiño que vai entre Arnois e Alberguería, que sube do polígono á estrada provincial; a este respecto lembra que no mes de setembro abriuse un expediente, onde consta informe da Policía Local, e, debido que para este goberno é moi difícil a colocación de sinais de tráfico, prega que neste caso a coloquen o antes posible, ao abeiro do devandito informe policial.

Continúa trasladando varias queixas en relación co camiño do Cruceiro, no seu segundo tramo (de Losada á estrada a Santiago), o cal atópase non estado de deterioro, polo que prega que se proceda ao seu arranxo. Así mesmo, o tramo final da Rúa Irida necesita dunha pronta reparación polo estado lamentable en que se atopa o seu firme

O Sr. López Bueno, prosigue coa súa intervención formulando varias preguntas, a primeira delas é en que estado se atopa á contratación dos servizos de recollida de lixo, tal e como falou o Sr. Alcalde en relación á necesidade de actualizar a contratación debido á precaria prestación do mesmo.

Contesta o **Sr. Alcalde** aclarando que había falado do servizo de recollida selectiva (plástico, cartón e vidro) e non do servizo de recollida de lixo como afirma o voceiro do grupo socialista; e, a este respecto, lembra que as empresas encargadas deses servizos non está a prestalos adecuadamente por estar inmersas en situación de ERTE, polo que dende o Concello se está intentando buscar a fórmula para licitar estes servizos mediante un contrato conxunto e que abarque a recollida selectiva, o contedor verde, voluminosos e a xestión do punto limpo, esperando que durante este mes de outubro poidase ter xa un estudo económico e técnico e sacar a licitación a finais deste ano ou principios do ano que ven.

O **Sr. López Bueno**, en relación ao anuncio feito polo Sr. Alcalde sobre que a finais do verán remitiríase á Xunta de Galicia un proxecto sobre a rehabilitación da ponte medieval de Pontevea, pregunta en que estado se atopa este trámite.

O **Sr. Alcalde** contesta que está feita unha actuación por parte dos técnicos

### Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233



Cod. Validación: 333D2N6G3DEHFJRF-47G67FYC | Corrección: <https://aestrad.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 4 a 11

municipais en colaboración co equipo técnico de IDOM e que afecta ao entorno da ponte, e, na última reunión mantida co Conselleiro, este manifestou a súa disposición para a sinatura dun convenio co noso concello para facer unha primeira actuación de limpeza e acondicionamento da ponte e, posiblemente, intentarase que antes de final de ano poidamos ter a documentación para acometer a reforma.

Entende o **Sr. López Bueno** que o proxecto que se ía a enviar a finais do verán non está enviado.

Continúa lembrando que en sede deste órgano tratárase un tema tan sensible como é a recollida de alimentos nas instalacións do Banco de Alimentos, pregándose no seu momento que se estableceran horarios para evitar as colas de espera, sen embargo a día de hoxe se seguen formando esas colas, considerando que, como defensa da dignidade das persoas que van a estas instalacións, deberíase organizar un réxime de quendas e horarios e así protexer a intimidade das persoas beneficiarias e necesitadas, así como dar solución aos veciños que viven nese edificio e, tamén, facilitar o traballo de reparto. Finalmente pregunta o por que non se fixeron estas quendas e que se ten pensado facer ao respecto.

Responde o **Sr. Alcalde** que o Banco de Alimentos está a ser atendido por voluntarios de servizos sociais, sendo moi complexo regular os horarios, pero se está a buscar unha alternativa, non contando con espazo municipal para prestar ese servizo e que se distingue polo seu carácter delicado a nivel de intimidade das familias beneficiarias, sen embargo se está intentando buscar solución a esta problemática e se falará coa rede de voluntarios para poder salvagardar a intimidade dos que alí acoden, pero, mentres tanto, é máis importante o servizo que se presta, básico para moitas familias.

O **Sr. López Bueno** prega que se faga todo o posible para intentar resolver esta situación. Por último roga que cando sexa remitido o informe do grupo de investigación da USC, lles sexa trasladado aos grupos da oposición.

Inicia a súa quenda a voceira do grupo municipal de MÓVETE, **Dña. Mar Blanco Casais**, queixándose do estado lamentable das nosas pistas, querendo facer fincapé nunha serie delas, pregando que sexan arranxadas, tales como:

- A estrada que dá acceso aos lugares de Fraiz e Feitoso (Olives).
- As pistas de Ribela, concretamente á que dá acceso a Trabadela e a que une os lugares de Fondo da Vila e Vilar.
- A pista de Marcenlos en Codeseda.

Pregunta se hai unha previsión de actuar sobre estas estradas mencionadas.

O **Sr. Alcalde** lle lembra que se lles facilitou a relación de pistas incluídas no Plan Concello da Deputación Provincial para este ano 2020 e, precisamente, as sinaladas pola Sra. Blanco están incluídas neste proxecto. En canto á previsión para que sexan acometidos os seus arranxos, di que se están a redactar os pregos no departamento de Secretaría, esperando que ao longo deste mes sexan acometidos estes traballos, aínda que o inverno non é boa época para elo, pero, polo menos, deixar contratado este ano para comezar os asfaltados en febreiro ou marzo do ano que ven.

Continúa a **Sra. Mar Blanco** trasladando que considera que esta non é mellor época para facer o repintado dos pasos de peóns, pero quere reiterar a necesidade desta actuación debido ao mal estado no que se atopan e que non contribúe á seguridade viaria, preguntando se hai algunha previsión para este repintado.

O **Sr. Alcalde** contesta que non.





A **Sra. Mar Blanco** pregunta o por que non se fixo.

Responde o **Sr. Alcalde** que nalgunhas rúas fixéronse traballos de repintado dos pasos de peóns e da sinalización horizontal e quedan outras pendentes, entendendo que é unha cuestión que hai que acometer dentro do Plan de Mobilidade, xa que están contempladas neste; sen embargo, pódese planificar con cargo ás baixas producidas no plan da Deputación do 2018, incluíndo tamén a sinalización horizontal.

A **Sra. Mar Blanco** traslada as queixas sobre o estado lamentable das beirarrúas en torno á Lennon e fronte ao supermercado DIA, considerando que non supoñen un gran investimento e, polo tanto, este goberno podería arranxar e así contribuír a evitar esa imaxe de decadencia que está dando o noso casco urbano, a parte da inseguridade que ofrece aos veciños que camiñan por esta zona.

O **Sr. Alcalde** responde que esa é unha cuestión que afecta á conexión da rede de pluviais e fecais nesa parte da Avenida de Benito Vigo, ademais nesa zona hai unha caída invertida que impide que as augas circulen con normalidade e, polo tanto, prodúcese un montón de atascos que afectan ás beirarrúas; estase continuamente intentando resolver ese problema, sendo a única solución levantar todo ese tramo para arranxar a traída con novas tuberías, sendo unha obra moi importante e problemática. Informa que se están a buscar alternativas, estando tamén pendentes de Fomento, polo que se trata dunha obra de máis entidade do que parece.

A **Sra. Mar Blanco** está de acordo, pero hai que tomalo como un asunto prioritario, ao igual que considera prioritario dar acceso á zona rural de internet de alta velocidade, considerando interesante que sexa publicado na páxina web municipal a información daqueles lugares que están conectados a esta rede, das previsións de conexións e os lugares non contemplados para ter acceso a esta nun período de medio prazo. A razón de facer público estes datos é para que todos os veciños saiban a que aterse, porque é necesario romper coa brecha dixital que diferencia ao rural co núcleo urbano, sendo necesario que o rural conte con este servizo para poder optar ao teletraballo e tamén para recibir clases on-line; por iso é inxusto que determinadas zonas teñan acceso e outras non, sendo importante saber que criterios se seguen para que haia estas diferenzas no noso rural, así como tamén saber ata que punto poden contar co devandito servizo, aínda que sexa a curto o medio prazo, e poder facer as alegacións oportunas. Di que tamén considera importante que o Concello teña claro, a pesares de que os cartos proveñen doutras administracións, que debe de pelexar para que o Internet de alta velocidade chegue a todos/as os/as veciños/as do noso rural.

O **Sr. Alcalde** responde que está totalmente de acordo coa voceira de Móvete, de feito este Concello xa pelexou polo internet de alta velocidade ou fibra óptica cando veu para a estrada os servizos de 112 e 061 e que, grazas a elo, pódese chegar ao rural, lembrando que os grupos da oposición dicían non estar de acordo con que eses servizos viñeran para A Estrada. Continúa dicindo que, como consecuencia da chegada deses servizos a fibra óptica se estendeu ao noso casco urbano e permitiunos defender a expansión desa rede cara ao rural.

Protesta a **Sra. Mar Blanco** porque non ven a conto dicir que se manifestaron en contra da traída á Estrada do 112 e 061, pedindo que o demostre.

O **Sr. Alcalde** pide que non interrompa a súa intervención e, continuando, di que na actualidade temos un primeiro despregue de banda ancha no rural, en concreto en 114 núcleos, grazas as xestións feitas polo actual goberno coas compañías





operadoras ....

Volve a interromper a **Sra. Mar Blanco** para dicir que lle gustaría que se lles explicara aos veciños se van a ter internet de alta velocidade ou non.

O **Sr. Alcalde** lle di que llo está intentando explicar para que, a súa vez, llo explique aos veciños e non os siga confundindo, xa que dixo na prensa que este Concello tiña que pedir fondos europeos e facer unha rede, algo que considera unha auténtica barbaridade, porque non hai fondos europeos aos que o Concello poida acudir para o financiamento dese tipo de redes.....

Interrompe novamente a **Sra. Mar Blanco** para desmentir que dixera iso na prensa, máis ben dixo o que manifestou anteriormente na súa intervención.

O **Sr. Alcalde** lle recrimina que o estea interrompendo continuamente, lembrándolle que está no uso da palabra, así que continúa aclarando que foi o que leu na prensa, e alí a Sra. Blanco falaba de que o Concello tiña que facerse responsable da extensión da banda ancha no rural, por iso quere aclarar que existen unha serie de subvencións cada ano e financiadas con fondos europeos, e as compañías fan unha exposición pública dos puntos das parroquias ou lugares (zonas brancas e zonas grises) onde non hai previsión de extensión da banda ancha, e, esas compañías, polo tanto, din que zonas reúnen as condicións para optar a este servizo, acceder a eses fondos e proceder a facer a extensión da rede ancha; pero aclara que eses fondos europeos son limitados e non poden chegar a todos os puntos que aparecen nese concurso público, polo que o que temos que acadar é que cada ano os proxectos da Estrada estean incorporados nas previsións das compañías, e foi o que fixemos no ano 2019, cubríndose 114 núcleos; e neste momento está en exposición pública o período 2020 e que contempla 140 núcleos estradenses, polo que temos que intentar que Telefónica os licite e, a partir de aí, continuaremos con esa extensión. Quere aclarar que eses datos son públicos, de xeito que todos os lugares incluídos están nunha nota de prensa e cre que todos os veciños a coñecen.

Por último, informa que xa tivo dúas reunións con Telefónica para que inclúa á Estrada no seu proxecto, confiando ter boas noticias e así, a finais do ano 2021, o 65% da poboación da Estrada teña conexión á rede da banda ancha e, en anos vindeiros, seguir xestionando para acadar o 100%, pero a día de hoxe o Concello non ten medios nin capacidade para resolver este problema, pero si a maneira de influír nesa compañía.

Continúa informando que, nos últimos seis meses, o noso municipio tivo un incremento notable de poboación, por mor da xente que veu de grandes urbes e que reclama a conexión a este tipo de tecnoloxía, polo que, neste momentos, para o Concello é unha cuestión prioritaria e se está a traballar nesa liña para competir con outros concellos españois que se atopan na nosa mesma situación.

A **Sra. Mar Blanco** agradeza a explicación e considera que sería importante que os nosos veciños a tiveran a través da páxina web municipal.

Noutro orde de cousas, trasladar as queixas de pais, nais e nenos que van a colexios da Estrada, polo exceso de ventilación nas aulas dos respectivos centros, debido a que as fiestras están abertas durante todo o horario escolar, cando as recomendacións da Xunta de Galicia son o ventilar durante quince minutos ao inicio, durante o recreo e ao finalizar a xornada lectiva; ante isto, pregunta se o Concello sabe o por que desta decisión e cal é a súa opinión.

O **Sr. Alcalde** aclara que a opinión do Concello neste asunto non é ningunha, por tratarse dunha responsabilidade dos centros educativos, xa que estes estableceron un protocolo e nós non temos capacidade para intervir. Aclara que, no seu momento,



este Concello reuniu a todos os centros educativos para saber o que necesitaban e, a partires de aí, púxose o material a súa disposición, estando en contacto con eles todos os días. Así mesmo, di que A Estrada foi un referente ao inicio do curso escolar, non habendo ningunha incidencia en ningún centro educativo, salvo no Antón Losada, pero dende o concello resolveuse a pesares de que non é competencia municipal.

Finalmente di que todas aquelas cuestións que sexan competencia deste Concello se resolverán, sen embargo é comprensible que naquelas que non nos competen non podemos entrar; informa que existe un coordinador que serve de enlace entre os centros de ensino e o centro de saúde, non participando o Concello, sendo os responsables directos os centros de ensino (Consellería de Educación) e, en temas sanitarios, os centros de saúde e Consellería de Sanidade, outra cousa é que nos chegue unha cuestión na que podamos colaborar, neste caso estamos a total disposición.

A **Sra. Mar Blanco** considera que si hai unha comunicación para saber que necesidades existen e como está a coordinación, polo que pregunta se lle foi trasladado ao Concello o problema que plantexou anteriormente.

O **Sr. Alcalde** responde que non.

(INTERVENCIÓNS VARIAS QUE NON TEÑEN NADA QUE VER CO ASUNTO QUE SE ESTÁ A TRATAR)

Continúa a **Sra. Mar Blanco**, en relación á mención que fixo o Alcalde sobre un problema que xurdiu non Antón Losada e que o Concello contribuíu na súa resolución, pregunta se se refería aos horarios do autobús.

Responde o **Sr. Alcalde** que non.

A **Sra. Mar Blanco** di que existe tamén un problema cos horarios dos autobuses que levan aos nenos ao Antón Losada.

O **Sr. Alcalde** di que descoñece ese asunto.

A **Sra. Mar Blanco** aclara que saíu hoxe na prensa, explicando que o transporte público leva aos nenos ao centro Antón Losada unha hora antes de que empece a xornada e abra o dito centro, traducíndose en queixas dos pais e nais, e, a liña de transporte, deféndese dicindo que tamén teñen que levar rapaces a outros centros e andan axustados de tempo. Polo anterior, considera que non é de recibo que os nenos e nenas estean esperando durante unha hora diante do centro educativo, polo que deberíase de mellorar a coordinación e espera que o Concello teña algo que dicir ao respecto.

Responde o **Sr. Alcalde** que si os pais e nais non trasladan ao Concello a queixa é porque saben que non temos competencia, xa que se trata dunha cuestión de horarios e transporte escolar e que depende da Consellería de Educación, de todos xeitos a el non lle chegou ningunha reclamación ao respecto, sen embargo as portas están abertas e non ten inconveniente en trasladar as queixas á Conselleira de Educación, pero reitera que non se trata dunha competencia municipal, ademais hai que darse conta que hoxe en día o transporte escolar ten unhas particularidades e uns horarios fixados e, ao mellor, non son capaces de prestar outros servizos, pero di que se mirará e se intentará mediar nesa cuestión.

A **Sra. Mar Blanco** di que, aínda que non sexa competencia municipal, cre que, por







ser Alcalde da Estrada, ben que pode chamar á administración responsable para tratar de solucionar o problema.

O **Sr. Alcalde** aclara que recibe moitas persoas que lle trasladan moitos problemas, pero ningún pai ou nai lle plantexou o problema de transporte escolar do Antón Losada; pregunta á Sra. Blanco se lle chegou a queixa por algunha persoa concreta, ou ben, o o leu na prensa ou en Facebook.

Contesta a **Sra. Blanco Casais** que, tanto no caso da ventilación como do transporte escolar, foron queixas directas de pais e nais.

O **Sr. Alcalde** entón considera que eses pais/nais teñen un problema, porque non saben cal é o circuíto, porque o normal é que veñan ao Concello a presentar a súa queixa, independentemente que llo trasladen tamén á oposición; reitera que non recibiu ningunha reclamación con respecto a eses asuntos, pero porase en comunicación coa Conselleira de Educación e llas trasladará e si o Concello pode facer algo o fará.

Intervén novamente a **Sra. Mar Blanco** para dicir que non lle estraña que non o poñan en coñecemento do Concello, porque moitas veces os veciños presentaron queixas que, ao final, caen en saco roto; polo que ve normal que eviten ese trance.

O **Sr. Alcalde** dálle a razón, por iso llos poñen en coñecemento da Sra. Blanco, porque ela lles resolve os problemas.

Toma a palabra a voceira do grupo municipal Mixto (BNG), **Dna. Susana Camba Castro**, pedindo, antes de nada, que lle resolva unha dúbida, preguntando se antes da chegada do 112 non había banda ancha no noso concello.

Responde o **Sr. Alcalde** que non.

Di a **Sra. Camba Castro** que na rúa Pérez Viondi si a había.

Aclara o **Sr. Alcalde** que había cable e non fibra, o que é parecido pero non é o mesmo.

Continuando coa súa intervención, a **Sra. Camba Castro** traslada un rogo dun grupo numeroso de estudantes estradenses na USC, os cales teñen bastantes problemas co horario de MONBUS e, aínda que son conscientes de que o Concello non é administración responsable, din que remitiron unha carta á nomeada empresa de transporte e esta lles contesta que se poñan en contacto co Servizo de Transportes da súa Comunidade Autónoma ou ben coas oficinas de atención ao público do seu Concello; polo anterior, solicitan un apoio da administración municipal para que fale coa Xunta de Galicia e traslade que non se está a respectar pola empresa MONBUS os horarios adaptados que figuraban na licitación, o que lles están a provocar problemas á hora de cumprir cos horarios universitarios, esperando así que o organismo autónomo fale coa devandita empresa de transporte para que fixen uns horarios axeitados.

O **Sr. Alcalde** quere instar aos mozos e mozas que fagan a reclamación polo circuíto regulamentario, é dicir, que presenten un escrito no Concello manifestando os seus problemas, comprometéndose a ter unha entrevista co órgano responsable de mobilidade da Xunta de Galicia e se proceda a solucionar esta situación.

A **Sra. Camba Castro** pide que sexan colocadas bandas rugosas ou outro tipo de





limitador de velocidade na pista de Os Cebedos - Aguíóns, que vai de Barbude á praia fluvial de Liñares, en concreto, antes das dúas últimas casas onde hai un tramo estreito e con dúas curvas prominentes; o problema é que os vehículos circulan por ese tramo con moita velocidade, incluso faise carreiras durante a noite, supoñendo un perigo de accidentes.

Responde o **Sr. Alcalde** que se buscará cal é a alternativa máis eficaz, porque as bandas rugosas non son unha solución, xa que naqueles lugares onde están instaladas os veciños protestan porque xeran moito ruído, sendo unha opción os pasos elevados, así que se verá a posibilidade de incluír esta opción dentro dalgún proxecto de seguridade viaria.

Continúa a **Sra. Camba Castro** preguntando sobre se se ten pensando facer algo coa pérgola e co muro perimetral da antiga Alameda, ou vai a ser unha ruína pintoresca estilo grego.

O **Sr. Alcalde** di que ninguén lle preguntou por este tema dende fai ano e medio, pero aclara que as pezas que forman a pérgola están gardadas en territorio municipal, sendo unha cuestión que non cre que estea no imaxinario colectivo nin no pensamento da nosa sociedade, ademais, agora estamos metidos noutros proxectos e este tema non é prioritario, sen embargo se os membros da oposición teñen algunha proposta interesante, pódese barallar, porque a día de hoxe non existe ningunha opción para colocar esa infraestrutura a curto prazo.

A **Sra. Camba Castro** aclara que a pregunta a fai en base ao dito varias veces polo Sr. Alcalde sobre que si tiñan pensado onde colocar a pérgola. Pregunta tamén se hai data para facer un concurso de ideas para dar un uso aos restos da Sobreira de Balboa (ao abeiro da moción aprobada no seu día nunha sesión plenaria).

Contesta o **Sr. Alcalde** que aínda non hai data, informando que se falou co Arcebispado para intentar facernos con eses restos da sobreira, e, a día de hoxe, non hai ningunha proposta para resolver esa cuestión; ademais, nestes momento hai outras cuestións máis prioritarias, contando tamén que non temos capacidade material, humana e económica para chegar a todo o que nos gustaría, por iso temos que priorizar.

A **Sra. Camba Castro** traslada unha pregunta feita pola veciñanza de Tabeirós (en concreto dos lugares de Outeiro e Vilarreal), relativa a se está asinado algún Convenio para a traída de auga.

Responde o **Sr. Alcalde** que precisamente hoxe chegounos por rexistro de entrada a proposta de Augas de Galicia para exposición pública durante vinte días dese proxecto e a adopción polo Pleno desta corporación do acordo de compromiso de aportar 143.000 euros (20%) e comprometermos a que eses cartos teñen que estar ingresados no ano 2022 o que se traduce que se contemple este compromiso plurianual no Orzamento para o exercicio 2021. Di que se todo vai ven e, despois dos prazos que establece o procedemento, se podería licitar esa obra no primeiro trimestre do ano que ven, esperando solucionar a traída de auga de Tabeirós e Nigoi.

Non habendo máis intervencións polos membros da corporación, o **Sr. Alcalde** pregunta, en cumprimento do establecido no Regulamento de Participación Cidadá, ao público asistente se teñen algunha pregunta ou rogo que trasladar nesta sesión, e, non pedindo a palabra ninguén, procede a levantar a sesión sendo as vinte e unha horas trinta e tres minutos do día do seu comezo.





Esta acta redáctase conforme ao establecido no Real Decreto 2568/1986, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais; na Lei 40/2015, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; e, concretamente, segundo o disposto no Decreto 24/2018, de 15 de febreiro, da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas de Xustiza, sobre os libros de actas e de resolucións das entidades locais galegas, o cal sinala no seu artigo 2, entre outros, que as actas son un resumo das intervencións, aclarando que os audios íntegros das intervencións formarán parte do expediente da sesión plenaria, emitíndose o respectivo certificado de autenticidade e integridade do arquivo das gravacións.

De todo o anterior faise cumprimento.

## DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE



Cod. Validación: 333D2N6G3DEHFFJRF-47G67FYC | Corrección: <https://aestrada.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 11 a 11

**Concello da Estrada**

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233